

## RECOMENDACIÓNS DEONTOLÓXICAS NA INTERVENCIÓN PROFESIONAL

- Coñece o Código Deontolóxico, así como o marco legal no que se leva a cabo a túa práctica profesional.
- Actúa con responsabilidade. O descoñecemento da lei e das normas non te exime de responsabilidade.
- Utiliza instrumentos e métodos validados cientificamente.
- Mantén unha formación continuada, tanto desde o punto de vista científico e técnico como deontolóxico. Garantirás deste xeito a túa competencia profesional.
- Actúa con imparcialidade, sobre todo cando teñas coñecemento que estás ante intereses persoais ou institucionais contrapostos.
- Respecta a privacidade. Obtén os datos persoais estritamente necesarios para a actividade profesional concreta.
- Respecta a confidencialidade. Explica, ao inicio da intervención profesional, os límites da confidencialidade.
- Protexe coidadosamente os datos de carácter persoal.
- Solicita o consentimento informado expreso ao inicio da intervención.
- Nas intervencións con menores de idade é preciso o consentimento dos proxenitores, sempre que non estean privados da patria potestade. No caso de que che conste a oposición dun dos proxenitores, non inicies a intervención ou parálizaa, salvo que contes con autorización xudicial.
- O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo. Se che solicita unha copia, dálla.
- No caso de menores de idade, o pai, a nai ou titores teñen dereito a coñecer o contido do informe que realices, independentemente de cal deles solicitase a túa intervención.
- Evita situacións confusas, nas que o teu rol sexa ambiguo ou confuso.
- Non te atribúas titulacións que non posúas.
- Non desacredites a colegas de profesión, sen prexuízo da crítica científica que estimes oportuna.
- Non restrinxas a liberdade das persoas de abandonar a intervención e acudir a outro ou outra profesional.
- Nos teus informes escritos sé prudente e cauto. Non empregues etiquetas devaluadoras.
- Os teus informes psicolóxicos deben ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o seu destinatario. Debes expresar o seu alcance e limitacións, o seu carácter actual ou temporal e as técnicas utilizadas.
- Non emitas xuízos, comentarios ou conclusións sobre persoas que non avaliches e non deron o seu consentimento.